

ACTA DA COMISIÓN DELEGADA DO CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS

Por Resolución do 15 de marzo de 2012, da Secretaría Xeral da Emigración, fíxose pública a convocatoria e a orde do día da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas. Sendo as 10:12 horas, do día 27 de xuño de 2012, no Pazo de Mariñán en Bergondo (A Coruña) reúnense as seguintes persoas:

- D. Santiago Camba Bouzas, Secretario Xeral da Emigración, como Presidente da Comisión Delegada.
- D. Ramón Brigos Fernández, como secretario da Comisión Delegada.

Da Área de Europa:

- D. José Antonio Fernández Corral en representación da Sociedade Cultural e Recreativa O Lar Galego de Holanda.
- D. Nicolás Miño Suárez en representación do Centro Galego de Londres.
- D. Xosé Constenla Suárez en representación da Sociedade A Nosa Galiza de Xeneba.

Da Área de América:

- D. Antonio Piñón Martín en representación da Hermandad Gallega de Venezuela.
- D. Jorge Torres Cantalapiedra en representación do Centro Gallego de Montevideo.
- D. Manuel Ramos Pérez en representación da Casa de Galicia en Montevideo.
- D. Enrique F. Repiso Muriedas en representación de A. Vivero y su Comarca.
- D. José María Vila Alén, en representación do Centro de Galicia de Bos Aires.

Da Área de España:

- D. Gregorio Isasi Vidaurre, en representación da Casa Cultural de Galicia. País Vasco.
- D. Ernesto Lagarón en representación da A. C. G. Saudade.
- D. Antonio Barbosa Fernández, en representación da Casa de Galicia en Valladolid.

- D. Raimundo Alfredo Otero García, en representación do Lar Gallego de Sevilla.

Asisten á reunión da Comisión Delegada: D. Ildefonso de la Campa, D. Víctor Díaz Pache, D. José Antonio Casas Calviño e D. Carlos Santiso Barros como membros da Secretaría Xeral da Emigración.

1. Primeiro punto da orde do día: constitución da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas.

O SXE toma a palabra e constata que faltan dous membros da Comisión Delegada: o representante do Centro Galego de Bos Aires e o do Centro Galegos de Hannover, malia o cal, existe quórum suficiente e declara constituída a Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas.

2. Segundo punto da orde do día: Apertura da sesión a cargo do SXE. Informe do desenvolvemento das actividades do ano 2012.

A continuación o SXE dispón a apertura da sesión coa proposición da aprobación da acta da anterior reunión celebrada en Ourense no mes de decembro de 2011. Realizada a proposta a acta apróbbase por unanimidade dos asistentes.

O SXE fai unha breve introducción comentando que esta é a última reunión da Comisión Delegada do actual período 2009-2012. Ademáis fai un agradecemento ao Presidente da Deputación de A Coruña por ter ofrecido as instalacións do Pazo de Mariñán para a reunión da Comisión Delegada.

Salienta que a decisión de realizar a reunión da Comisión Delegada corresponde a idea de realizar o X Pleno do Consello de Comunidades Galegas na Coruña, que finalmente non puido ser por razón de loxística e de instalacións.

A continuación o SXE di que o Pleno dos vindeiros días pode marcar un antes e un despois no mundo da galegidade por ter un dos seus asuntos máis importantes a tratar a reforma da Lei da galegidade.

Nese senso salienta que a ponencia da galegidade foi a máis demanda polos representantes das Comunidades Galegas, polo que será na que máis representación haxa e na que máis aportacións se fagan ao Anteproxecto da Lei da Galegidade.

O SXE pasa a palabra a Carlos Santiso que expón un informe das actividades levadas a cabo pola Subdirección Xeral de Centros e Comunidades Galegas da Secretaría Xeral da Emigración.

Unha vez rematada a intervención de Carlos Santiso toma a palabra Ramón Brigos que expón o informe sobre o estado da tramitación dos programas e convenios que competen á Subdirección Xeral de Programas Sociais.

Finalizada a súa intervención, intervén o SXE para comentar que este ano non se convocou o programa de “Ven a Galicia, Ben en Galicia”, que en outros anos sí se facía pero este non se considerou oportuno pola pouca demanda e a situación económica actual, priorizando traer a Galicia a xente que ten máis dificultades para vir, como por exemplo, os emigrantes residentes no cono sur de América.

Fai referencia ao tema das axudas socio-asistenciais indicando que foi e segue sendo unha prioridade da Secretaría Xeral da Emigración durante toda a presente lexislatura. Salientando, ademáis a importancia deste tipo de axudas en Cuba e agradece a colaboración da Federación de Sociedades Galegas de Cuba.

Salienta que a finais do mes de xuño están practicamente rematados os trámites administrativos dos diferentes programas e pide a colaboración das entidades na xustificación das correspondentes axudas para axilizar o pago das cantidades comprometidas.

A continuación fala do traballo realizado na elaboración do Anteproxecto da Lei da Galegidade que foi presentado na Comisión Delegada do mes de decembro e estivo a disposición de todas as Comunidades Galegas, moitas das cales fixeron aportacións moi salientables que se incorporaron ao texto do Anteproxecto mencionado.

Agradeceu o ánimo de colaboración de practicamente todas as Comunidades Galegas aínda que non todos estivesen de acordo, nese sentido salientou que nun país se adoptaron posturas polas que parecían querer manipular o proceso, non aportando suxestións ao Anteproxecto que estaba sometido a debate, presentado posteriormente eles un novo proxecto enviándoo directamente ao Parlamento de Galicia e aos distintos Grupos Parlamentarios. Aínda que isto pódese considerar unha anécdota, posto que a maioría dos centros e países, aportaron melloras e apoian o Anteproxecto.

O SXE explicou que as leis teñen un procedemento reglado para a súa formulación e que soamente se poden realizar a través da iniciativa lexislativa popular, dun proxecto de lei elaborado polo Goberno elixido polos votantes ou dunha iniciativa lexislativa parlamentaria redactada no seo do Parlamento.

A continuación pasa a palabra a Ildefonso de la Campa que fai mención ao proceso de redacción e elaboración do Anteproxecto da Lei da Galegidade, salientando que foi elaborado dentro da Secretaría Xeral da Emigración e tras ser presentado na Comisión Delegada de Ourense foi

explicada en todas as Comunidades que solicitaron aclaracións da mesma chegando incluso ao 65% da Comunidades Galegas, ben a través do SXE ou por él mesmo.

Manifesta que o proceso de elaboración estivo aberta a todas as achegas que fosen aportadas polas distintas Comunidades Galegas e que as últimas recibidas aínda non foron incorporadas ao texto do Anteproxecto en espera de ser debatidas no seo do Pleno do Consello nos próximos días.

Agredece o ánimo de colaboración xeral mostrado. O texto da lei pretende ser aberto e que una a todos os galegos e pide que se teña unha visión amplía da realidade actual da galeguidade e non só centrada na visión do interés propio de cada entidade.

Toma a palabra o SXE e pregunta se hai algunha cuestión que apuntar ao dito Anteproxecto de da Lei da Galeguidade.

3.- Terceiro punto da orde do día: presentación do programa do X Pleno do Consello de Comunidades Galegas.

O Presidente dá a palabra a Ramón Brigos que fai lectura dos actos a celebrar durante o X Pleno do Consello de Comunidades Galegas que se vai celebrar en Santiago de Compostela os días 28 e 29 de xuño de 2012.

4.- Cuarto punto da orde do día: estudo e aprobación dos relatorios do X Pleno do Consello de Comunidades Galegas.

O presidente dá a palabra a Ramón Brigos que salienta que os relatorios son coñecidos e que estiveron a disposición de todos os presentes e pregunta si é necesaria a súa lectura. Por unanimidade dos presentes rexéitase a súa lectura e aproban para ser debatidos no seo do Pleno.

5.- Quinto punto da orde do día: Conformidade ás normas de elección dos membros da Comisión Delegada 2012-2015.

O Presidente dá a palabra a Ramón Brigos que salienta que as normas están a disposición de todos os presentes, facendo referencia aos detalles técnicos de cómo se van a realizar as eleccións e fai unha breve referencia ao contido das normas de elección.

José María Vila Alen solicita saber o número de participantes no Pleno con dereito a voto por áreas xeográficas.

Ramón Brigos indica que son 129 as Comunidades acreditadas para participar no Pleno, das que 67 son de América, 19 de Europa e 47 por parte das Comunidades de España.

O Presidente solicita a aprobación por parte dos asistentes das normas de elección que son aprobadas por unanimidade dos asistentes.

Rematado o quinto punto da orde do día, e sendo as 11:05 horas, interrúmpese a sesión para un breve descanso.

Sendo as 11:35 retómase a sesión.

6.- Sexto punto da orde do día: rolda de intervencións libres.

O SXE da inicio a rolda de intervencións.

Toma a palabra Ramón Brigos facendo lectura do escrito presentado por D. Evencio Meixengo Armada, Presidente do Centro Galego de Hannover, que non podendo asistir á reunión, solicita a inclusión na orde do día de documento anexo ao escrito para ser debatido pola Comisión Delegada.

É aceptada a antedita petición, solicitando o Presidente a Ramón Brigos a súa lectura no que se pide que se debata a reprobación da Sociedade a Nosa Galiza de Xenebra que pertencendo á Comisión Delegada presentou un texto alternativo ao Anteproxecto da Lei da Galeguidade ao Parlamento de Galicia, antes do seu debate polo Pleno do Consello de Comunidades Galegas, máximo órgano de representación da galeguidade no mundo. Así mesmo, por telo remitido ao Parlamento de Galicia en nome dos centros galegos da Suiza cando a maioría non eran coñecedores de tal acción. Salienta que a representación na Comisión Delegada non confire poder para falar en nome doutras entidades sen o seu consentimento e autorización e levar a cabo actuacións non aprobadas lexítimamente polas entidades. Finalmente fai unha clarificación ao concepto de representatividade e que no seo da Comisión pódese presentar a debate propostas de calquera entidade polo representante da súa área xeográfica.

O Presidente abre o rolda de intervencións e toma a palabra Ildfonso de la Campa e di que estivo nunha reunión en Berna debatendo o texto do Anteproxecto da Lei da Galeguidade. Salienta que a remisión ao Parlamento por parte dun membro da Comisión Delegada dun texto alternativo carece de representatividade e de lexitimidade. Fai un relatorio das actuacións realizadas pola agrupación Sementeira de manipular a representatividade dalgúns centros. Así mesmo manifesta que é no Pleno do Consello de Comunidades Galegas onde se deben desenvolver os debates acerca do que representa a galeguidade

Toma a palabra Xosé Constenla facendo unha explicación da súa situación persoal como representante no seo da Comisión Delegada. Di que lle houbera gustado que estivera presente o representante do Centro Galego de Hannover para tratar persoalmente os asuntos presentados no escrito.

Despois fai un breve relatorio do traballo desenvolvido como presidente e doutros cargos no seo da Asociación que representa.

Manifesta que non puido ler o texto do Anteproxecto redactado pola secretaría xeral, antes da reunión da Comisión Delegada de Ourense e que a súa chegada a Suiza convocou unha reunión en Xenebra para distribuír o texto entre os distintos centros. Di que él non ten realizado o traballo, o que fixo foi presentar o traballo de outros, non querendo entrar noutro tipo de valoracións. En todo caso di que so realizou un traballo, e que será a partir de mañá cando haxa que debater.

Toma a palabra o SXE dicindo que os membros da Comisión Delegada non son representantes dun país en concreto senón da área pola cal foron elixidos. Así mesmo, comenta que os centros de Suiza non poden dicir que representan aos máis de 30.000 galegos que conforman a comunidade que reside no país xa que son sociedades que como máximo teñen 100 ou 200 socios cada unha.

Remata dicindo que haberá que estudar que na Comisión Delegada só poidan participar como representantes das distintas asociación os seus presidentes ou membros das xuntas directivas con poder executivo.

Toma a palabra José Antonio Fernández que di que asiste á reunión xa non como directivo, senón, como representante da súa entidade.

Pregunta si se ten que presentar no seo da Comisión Delegada as distintas cuestións plantexadas por un centro da súa área.

O SXE di que dende logo, di que este é o ámbito e o momento para facelo e que enriquece o debate da galeguidade. Di que o novo Anteproxecto da Lei de Galeguidade non recorta nin un soio dereito da anterior lei senón que os amplía. Que o mundo da galeguidade ten moitas sensibilidades polo que o novo texto non regula todo, deixando marxe para que nos regulamentos se poida entrar ao detalle. A presente reforma pretende ser un texto que perdure no tempo.

José Antonio Fernández pregunta polo sentido da chamada que lle fixo Ildfonso de la Campa acerca de se o seu centro se iba presentar a membro da Comisión Delegada para o próximo período.

Ildfonso de la Campa contesta que é unha consulta habitual que se fixo a moitos centros, fundamentalmente de Europa, que ao haber poucos países se pretendía asegurar que houbera candidaturas suficientes para cubrir os postos de representación.

Toma a palabra Enrique Repiso, manifestando que no remate do presente mandato agradece o traballo realizado e o intercambio de coñecementos dos distintos membros e o apoio da Secretaría Xeral da Emigración.

José Antonio Fernández plantexa dúas cuestión: a primeira que a súa sociedade ten unha directiva moi nova e que lles é difícil entender que lles fose denegada unha subvención por presentar a solicitude fóra de prazo, reprochando a pouca flexibilidade por parte da Secretaría Xeral neste asunto e pedindo tempo para que as novas directivas acaden experiencia e se adapten ao funcionamento normal dos programas.

A segunda é que pide aumentar o prazo de solicitudes de un a dous meses.

Carlos Santiso di que hai prazos administrativos e que non poden ser outros que os sinalados pola lei de procedemento administrativo e entre eles os da lei de subvencións.

José Antonio Fernández acepta pero propón que se lles comunique antes para xuntar a documentación necesaria. Por outra banda manifesta o malestar da directiva da súa asociación por ter recibido a convocatoria de participación ao Pleno do Consello co nome do anterior presidente, cando no mes de decembro foi comunicado á Secretaría Xeral da Emigración os cambios na directiva.

O SXE recoñece que foi un erro e que lles mandará unha carta desculpándose polo sucedido.

José Antonio Fernández pregunta a onde foron destinados os cartos que corresponderían ao seu Centro, ao que responde Carlos Santiso dicindo que por ser unha convocatoria con concorrencia competitiva se distribúe entre o resto de solicitudes. Tamén solicita a aclaración da redacción do

texto do Anteproxecto no que se dí que as comunidades de menos de cen socios van a perder a galeguidade. Neste sentido pon de manifesto que na súa sociedade os socios son unidades familiares que representan a máis dunha persoa.

O SXE di que eses temas van ser cuestión de debate e que a idea é ser flexibles e que coa limitación do número de socios preténdese axustar a representación das entidades que practicamente están inactivas.

José Antonio Fernández di que a Asociación o Pote non ten a galeguidade a pesar da gran labor que realiza e que ao non ter participación se sente illada.

O SXE manifesta que a nova lei, pretende ser aberta e que permitirá de corrixir este tipo de cuestións.

Toma a palabra Antonio Piñón e agradece ter formado parte da Comisión Delegada e o apoio mostrado pola Secretaría Xeral. Di que o Centro de Puerto Ordaz ten desaparecido e que as súas instalacións están sendo utilizadas por unha congregación relixiosa.

Di que o Centro Galego de Maracaibo solicita ser visitado polo SXE.

O SXE di que é unha sinatura pendente e que na próxima viaxe a Venezuela intentará visitalo.

Toma a palabra Raimundo Alfredo Otero di que recibiu a comunicación de Suíza e que se sorprendeu que algunhas das cuestións planteadas, sobre todo o da inclusión de centros de Andalucía e Extremadura, no ámbito da galeguidade. Manifesta que pensaba que esas valoracións non se correspondían co sentido do artigo 11 do Anteproxecto de Lei.

O SXE fai unha aclaración do sentido dese artigo e manifesta que tamén será motivo de discusión no debate sobre o relatorio da galeguidade do próximo Pleno.

Raimundo Alfredo Otero pide a disposición da Secretaría Xeral da Emigración para aclarar malos entendidos de tempos pasados con algunha casa de Andalucía e para conseguir a unión dos Centros de Cádiz e do Puerto de Santa María.

O SXE di que toma nota e que intentará solucionalo.

Toma a palabra Nicolás Miño, manifestando que ten aprendido moito nas reunións da Comisión Delegada e di que non ten os mesmos problemas que noutros países xa que o Centro Galego de Londres é o único centro en Inglaterra e que se sente orgulloso que sexa o centro de referencia para todos os españois e non soio para os galegos.

Fai un agradecemento a Xunta de Galicia pola súa colaboración e a petición do SXE fai mención ao comportamento dun socio inglés que coñece Galicia por un libro, e que deixará os seus bens como herencia ao Centro Galego de Londres.

Toma a palabra Jorge Torres Cantalapiedra e di que participa das palabras de agradecemento expresadas anteriormente, que valora grandemente o foro que é a Comisión Delegada como lugar de coñecemento e de forxa de novas amizades. O centro ao que representa agradece a colaboración da Xunta de Galicia co Hogar Español de Montevideo como buque insignia da galeguidade en Uruguai.

Fai petición de que a Unión de Sociedades Galegas de Uruguai teña o recoñecemento da galegitude.

Toma a palabra Ernesto Lagarón felicitando aos delegados da Comisión polas súas aportacións nestes anos e a dedicación da Secretaría Xeral da Emigración na atención aos diferentes centros. Manifesta que en liñas xerais a nova lei é moito mellor que as anteriores e que aínda temos posibilidade de melloralas. Pide que os delegados que asistan á Comisión Delegada teñan poder executivo nos seus propios centros.

Toma a palabra Xosé Constenla manifestando que o Club Tordoia pide que se regule a identificación fiscal das entidades para o tema de subvencións ou ver que posibilidades hai para arranxar os problemas dos centros de Suíza.

Fai mención a casos puntuais da tramitación do programa de becas así como dos prazos de presentación de documentos e o peche das xustificacións en setembro, o que plantexan problemas as entidades.

Remata dicindo que a participación como membro da Comisión Delegada lle ten aportado persoalmente moito e que nestes sete anos, tivo que aportar moitos fondos propios. Agradece o ter participado da información e do coñecemento de todos os integrantes nas reunións da Comisión Delegada.

Toma a palabra Manuel Ramos que se suma as palabras de agradecemento dos anteriores intervinentes e comparte con Jorge Torres Cantalapiedra o agradecemento a Secretaría Xeral da Emigración pola preocupación polo Hogar Español de Montevideo, que eles como entidade colaboran no que poden tamén no día a día aportando médicos e enfermeiras para coidar dos anciáns. Tamén pide que, a Unión de Sociedades Galegas de Uruguay poida ter recoñecida a galegitude.

Toma a palabra o SXE dicindo que as institucións son o que os seus dirixentes son a nivel persoal. Fai unha louvanza da tarefa feita por Manuel Ramos ao fronte de Casa de Galicia, poñéndoo como exemplo. Tamén pide que se recolla na acta da presente comisión a circunstancia positiva que para Galicia ten que o Director General de Migraciones no Goberno de España sexa un galego.

Manuel Ramos manifesta que as institucións non soamente as levan adiante os presidentes e que él o primeiro que fixo ao chegar á entidade foi crear un equipo de traballo ao que lle deu unha folla de ruta sobre as actuacións a realizar para sanear a entidade. Manifesta que é de xustiza indicar que houbo moita xente que colaborou na boa situación actual da entidade.

Antonio Barbosa cree ter sido moi importante para él ter participado nesta Comisión Delegada por ser un foro de debate aberto. Agradece a colaboración da Secretaría Xeral da Emigración e a do seu persoal co Centro Galego de Valladolid ofrecéndoo para o que sexa necesario. Pide a todos os presentes continuar coa labor en prol da galegitude.

Toma a palabra Gregorio Isasi manifestando a súa satisfacción por ter participado na Comisión Delegada así como a acollida nela.

José María Vila Alén manifesta que o Centro Galicia de Bos Aires e as Entidades de Arxentina non tiveron inconvenientes nos trámites coa Secretaría. Que posiblemente algúns centros, ao non ter persoal contratado, poidan ter algún problema na tramitación.

Manifesta que a Comisión Delegada é un ámbito de reflexión e debate e di que as institucións, a diferenza das persoas, nacen para non ter fin e para que isto sexa así debe entenderse que as actividades das sociedades galegas deben servir tamén aos países nos que se encontran dende a nosa identidade galega. Que sobre todo en América, a historia deses países é a historia de Galicia pola importancia da emigración. Para tratar este tema di que debe haber un capítulo aberto de reflexión, e pon de manifesto que a nova lei é un gran avance na interpretación filosófica en recoñecer os distintos colectivos dos galegos do exterior que realizan distintas actividades a favor de Galicia, ademais dos particulares da cultura.

Agradece a amizade e o traballo de todos os membros da Comisión Delegada e di que temos que servir a Galicia como entidades aportando as nosas ideas. Ademais di que as institucións son unha ponte de ida e volta.

Toma a palabra o SXE agradecendo a todos a participación nos debates nas Comisións Delegadas. Pon de manifesto que os anos pasados nesta lexislatura foron anos difíciles, e que se deu a circunstancia de que comezaron coa celebración dun pleno e que remata coa celebración do presente.

Di que, non obstante as dificultades, axundan a mellorar, agradecendo as aportacións de todos e o aprendizaxe que recibiu de todos. Fai un recoñecemento da labor de todos os presentes “ad honorem”, sen recoñecemento a veces e agradece as aportacións realizadas.

Fixo memoria de todos os que deron os primeiros pasos para poñer en valor a galegitude e que esta é permanente e fai un recoñecemento das persoas que a él lle precederon na súa labor, facendo mención expresa de D. Fernando Amarello de Castro que estará presente no almorzo con todos os presentes.

Anuncia que nese intre recibiu a mensaxe de que os dous grandes partidos con representación no Parlamento de España teñen previsto instar ao Goberno a reposición do voto non rogado nos vindeiros procesos electorais. Manifesta, que como todos coñecen, sempre estivo a favor de esta posición e que cre que é un gran motivo de felicitación.

Despide aos asistentes, e sen máis asuntos que tratar, sendo as 14:15 horas levanta a sesión.

O Presidente

O Secretario

J. Santiago Camba Bouzas

Ramón Brigos Fernández